



SI

A mocidade e as TIC

Edición 2019

XUNTA DE GALICIA



Índice

Páxina

I

Introdución

3

II

Incidencia dos mozos no equipamento TIC dos fogares

5

III

Incidencia dos mozos no uso das tecnoloxías

14

IV

Novos indicadores


23

V

Conclusións

23

I. INTRODUCCIÓN



Estudo realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

Marco estratéxico: Axenda Dixital 2020 da Xunta de Galicia.

Obxectivos

Avaliar a incidencia da presenza de nenos/as e mozos no fogar en relación ao equipamento e uso das tecnoloxías da información, a partir de datos propios do OSIMGA obtidos no marco do convenio asinado co IGE.

II. INCIDENCIA DOS XÓVENES NO EQUIPAMENTO TIC DOS FOGARES






Nos fogares onde residen nenos / as en idade escolar (3 a 16 anos) hai unha maior presenza de ordenadores, superando á media de fogares en 19,5 puntos porcentuais.

Fogares con ordenador segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015-2018)

*A partir do 2017: Dispón de ordenador fixo ou portátil, pda e tablet

Evolucionando ano a ano de modo crecente, a convivencia con nenos/as en idade escolar obrigatoria continúa a ser un factor que incide nunha maior presenza de equipamentos TIC como son os ordenadores (fixos, portátiles, pda ou tablet).

Fogares con ordenador segundo a convivencia con estudantes

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015-2018)

*A partir do 2017: Dispón de ordenador fixo ou portátil, pda e tablet

A meirande parte dos fogares onde residen estudantes maiores de 16 anos (96,2%) están equipados con ordenadores, crescendo de novo o indicador en 2,5 puntos porcentuais e superando á media galega en 23,2 puntos.

O 99% dos fogares con nenos/as en idade escolar ten contratado Internet de banda larga.

Fogares con Internet e banda larga contratada segundo a convivencia con nenos/as (% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015-2018)

Nota: a totalidade de fogares con Internet contan cunha conexión de banda larga.

A contratación de Internet acada nesta edición case a totalidade dos fogares onde residen nenos / as en idade escolar obrigatoria, onde atopamos que o 99% están conectados a Internet de banda larga.

Fogares con Internet e banda larga contratada segundo a convivencia con estudantes

(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015-2018)

Nota: a totalidade de fogares con Internet contan cunha conexión de banda larga.

A convivencia con estudantes maiores de 16 anos tamén reflicte positivamente nunha maior contratación de banda larga, tamén moi preto da totalidade de fogares, de maneira que acada ao 99,3% dos fogares.



A falta de interese e de utilidade é o principal motivo de non contratar Internet, especialmente en fogares sen poboación menor

Motivos polos que non dispoñen de Internet contratado segundo a convivencia con nenos/as

Motivos	Convivencia con nenos / nenas		Total (%)
	Con nenos / as en idade escolar obrigatoria	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	
Non o consideran útil nin interesante	61,4	74,9	74,6
Teñen poucos coñecementos para usalo	21,5	38,6	38,3
Non o coñecen	13,7	31,9	30,9
Custos altos de conexión	63,6	16,4	17,2
Custos altos dos equipos	41,9	14,1	14,5
Téñeno noutro lugar	---	1,8	1,8
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	---	1,5	1,5

Base: Fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A falta de interese ou de utilidade, é a principal motivación para non contratar Internet, especialmente nos fogares onde non residen nenos/as de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos.

Motivos polos que non dispoñen de Internet contratado segundo a convivencia con estudantes

Motivos	Convivencia con estudantes		Total (%)
	Con estudantes maiores de 16 anos	Sen estudantes maiores de 16 anos	
Non o consideran útil nin interesante	56,9	74,6	74,6
Teñen poucos coñecementos para usalo	---	38,4	38,3
Non o coñecen	---	31,0	30,9
Custos altos de conexión	70,6	17,0	17,2
Custos altos dos equipos	34,9	14,4	14,5
Téñeno noutro lugar	15,9	1,7	1,8
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	7,4	1,5	1,5

Base: Fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Nos fogares onde non residen estudantes maiores de 16 anos, as causas para non ter contratado Internet de banda larga son principalmente a pouca utilidade ou interese, ao que se pode engadir os coñecementos. No caso de fogares onde si que residen estudantes maiores de 16 anos a principal motivación son os custes de conexión (70,6%).

III. INCIDENCIA DOS XÓVENES NO USO DAS TECNOLOXÍAS




Uso do ordenador

O uso de dispositivos electrónicos en mozos e mozas de 16 a 34 anos é do 98,6%

Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015-2018)

*A partir do 2017: usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses

O uso de dispositivos electrónicos entre os mozos e mozas de idades comprendidas entre os 16 e 34 anos supera en 16,9 puntos á media de uso da totalidade das persoas.

Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos /as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015-2018)


*A partir do 2017: usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses

Continúa aumentando o uso de ordenadores entre as persoas que conviven con nenos / as en idade escolar obrigatoria (3 a 16 anos), acadando nesta edición o 94,2% (2,1 puntos máis). A diferenza da porcentaxe dos que empregaron ordenadores e conviven ou non conviven con nenos / as de 3 a 16 anos é de 17 puntos.

Uso de Internet

A porcentaxe de uso de Internet nos últimos tres meses entre a mocidade galega foi do 98,3%, superando á media autonómica en 18,3 puntos porcentuais.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015-2018)

A porcentaxe de uso de Internet dos mozos e mozas galegas mantense moi cerca da totalidade e moi por riba da media galega de todas as idades.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos /as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015-2018)

Incrementábase o uso de Internet nos tres últimos meses entre as persoas que conviven con nenos / as en idade escolar, chegando ata o 93,5%, fronte ao 75,3% das que non conviven.

Frecuencia de uso de Internet nos últimos tres meses segundo a idade

(% sobre as persoas que usaron Internet nos últimos tres meses)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)


Ademais a porcentaxe de mozos / as de 16 a 34 anos que se conectan a Internet de xeito diario supera en case 13 puntos porcentuais ás persoas de 35 ou máis anos.

Compra electrónica

Case tres de cada catro mozos e mozas galegos de 16 a 34 anos compraron bens ou servizos a través de Internet durante o 2018, duplicando os valores dos maiores.

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015-2018)

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a convivencia con nenos /as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015-2018)

Máis da metade (58,8%) de persoas que conviven con nenos / as en idade escolar obrigatoria, comprou a través de Internet, 16,5 puntos porcentuais máis que cando non conviven nenos no fogar.

Trámites coa administración

A poboación máis nova tamén é a que máis emprega Internet para interactuar coas AAPP, especialmente para obter información das páxinas web das Administracións.

Trámites coa administración

(% sobre persoas que usaron Internet nos últimos 12 meses)

Trámites coa administración	Idade		Total (%)
	Xóvenes (16-34 anos)	Maiores (35-74 anos)	
Obter información da páxina web	72,0	63,9	66,3
Descargar formularios oficiais	70,3	62,5	64,9
Enviar formularios cubertos	68,1	61,7	63,6
Descargar documentos xerados	39,9	34,3	36,0

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

IV. NOVOS INDICADORES



Dispositivos de acceso a Internet

Nos fogares onde residen nenos/as en idade escolar obrigatoria, atopamos unha maior presenza de dispositivos electrónicos de acceso a Internet. Destaca a diferenza coa media de Tablet, Pda ou similares (19,8 puntos máis), a Smart TV (18,9 puntos) e a Consola de xogos (15,6 puntos).

Dispositivos de acceso a Internet segundo a convivencia con nenos / as (% sobre o total de fogares)

Dispositivos de acceso	Convivencia con nenos / nenas		Total (%)
	Con nenos / as en idade escolar obrigatoria	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	
Teléfono móvil con capacidade de acceso a Internet	99,9	98,3	98,2
Ordenador portátil	77,4	63,1	65,8
Tablet, PDA ou similar	62,7	36,3	42,9
Ordenador de sobremesa	38,8	33,4	33,2
Smart TV	39,1	13,7	20,2
Consola de xogos con capacidade de acceso a Internet	33,2	22,7	17,6

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Nos fogares con estudantes maiores de 16 anos tamén hai un maior equipamento tecnolóxico, cunha especial relevancia do ordenador portátil(84%) cuns 18,2 puntos porcentuais de diferenza coa media de fogares galegos.

Dispositivos de acceso a Internet segundo a convivencia con estudantes (% sobre o total de fogares)


Dispositivos de acceso	Convivencia con estudantes		Total (%)
	Con estudantes maiores de 16 anos	Sen estudantes maiores de 16 anos	
Teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet	100,0	98,6	98,2
Ordenador portátil	84,0	65,3	65,8
Tablet, PDA ou similar	52,0	42,7	42,9
Ordenador de sobremesa	47,6	33,5	33,2
Smart TV	29,5	25,2	20,2
Consola de xogos con capacidade de acceso a Internet	31,7	19,5	17,6

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Uso de redes sociais


O uso de redes sociais nos mozos/as de 16 a 34 anos, acada o 97,2%, o que supón unha diferenza de 26,9 puntos en relación ás persoas maiores de 35 anos.

Persoas que utilizaron as redes sociais nos últimos tres meses segundo a idade
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

**Persoas que utilizaron as redes sociais nos últimos tres meses
segundo a convivencia con nenos /as**
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

As persoas que conviven con nenos/as en idade escolar obrigatoria (3 a 16 anos), empregaron en maior medida as redes sociais durante os tres últimos meses. A diferenza con respecto a onde non conviven menores é salientable, 19,5% máis.

Uso de redes sociais: actividades realizadas nas redes sociais

As actividades realizadas nas redes sociais difiren xeracionalmente, especialmente no caso de: compartir / ver vídeos ou música (26,1 puntos), ver o que fan os contactos (25,9 puntos) ou para fins profesionais ou de estudo (23,7 puntos).


Actividades realizadas nas redes sociais nos últimos tres meses segundo a idade (% sobre as persoas que empregaron as redes sociais nos últimos tres meses)

Actividades realizadas	Idade			Total (%)
	Mozos (16 a 34 anos)	Diferenza xeracional	Maiores (35 a 74 anos)	
Chatear / enviar mensaxes	99,6	0,5	99,1	99,3
Compartir / ver vídeos ou música	81,5	26,1	55,4	63,1
Adquirir coñecemento	57,9	18,2	39,7	45,1
Ver que fan os seus contactos	62,8	25,9	36,9	44,6
Comentar a actualidade ou publicar contidos	55,7	22,5	33,2	39,9
Para fins profesionais ou de estudo	46,9	23,7	23,2	30,2
Seguir contas, influencers ou marcas comerciais	46,3	27,1	19,2	27,2
Coñecer xente / facer novos amigos	24,4	14,9	9,5	13,9
Buscar emprego	17,2	9,7	7,5	10,4
Xogar “on line” (na rede social)	19,1	14,5	4,6	8,9
Participar en concursos	11,6	8,4	3,2	5,7
Crear eventos	6,7	3,8	2,9	4,0

Uso de apps

O uso de aplicacións en dispositivos móbiles é lixeiramente maior entre os mozos/as de 16 a 34 anos.


Persoas que empregaron apps en dispositivos móbiles nos últimos tres meses segundo a idade
(% sobre persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Persoas que utilizaron as apps en dispositivos móbiles nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos /as

(% sobre persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A convivencia con nenos/as en idade escolar obrigatoria incide en pouca medida no uso de aplicacións en dispositivos móbiles, marcando diferencias de apenas tres puntos porcentuais respecto ás persoas que non conviven con nenos en idade escolar obrigatoria.

Uso de apps: aplicacións móbiles empregadas

Todas as aplicacións móbiles son máis empregadas por mozos e mozas (de 16 a 34 anos) destacando as diferenzas dun maior uso nas apps de Xogos (20,2 puntos) ou de Compras por internet (14,7 puntos).

Aplicacións móbiles empregadas en dispositivos móbiles nos últimos tres meses segundo a idade


(% sobre as persoas que empregaron apps nos seus dispositivos nos últimos tres meses)

Aplicacións móbiles	Idade			Total (%)
	Mozos (16 a 34 anos)	Diferenza xeracional	Maiores (35 a 74 anos)	
Uso de redes sociais (Whatsapp, Facebook...)	96,8	1,7	95,1	95,6
Predicción da meteroloxía	72,4	1,9	70,5	71,0
Banca electrónica	54	0,5	53,5	53,6
Xestión de calendario (eventos, reunións, citas...)	49,1	9,7	39,4	42,3
Xeolocalización	42,6	9,7	32,9	35,8
Compras por Internet (Amazon, Ebay...)	44,9	14,7	30,2	34,6
Reserva / xestión de viaxes, cines, concertos...	31,5	8,5	23	25,5
Xogos (sen opción de ganancia monetaria)	33,2	20,2	13	19,0
Realización de deporte	20,9	9,3	11,6	14,4
Actividades relacionadas coa saúde	13,4	2,7	10,7	11,5
Loterías, apostas e xogos de azar	4,2	1,7	2,5	3,0

Incidentes de ciberseguridade

Un terzo dos mozos e mozas de 16 a 34 anos tiveron algún tipo de incidente relacionado coa ciberseguridade durante o último ano. Entre os adultos de 35 a 74 anos sufriron incidentes de seguridade nun 26,3% dos casos. A diferenza é de 7,6 puntos porcentuais.


Persoas que sufriron algún incidente de ciberseguridade nos últimos doce meses segundo a idade
(% sobre persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Persoas que sufriron algún incidente de ciberseguridade nos últimos doce meses segundo a convivencia con estudantes

(% sobre persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A convivencia con estudantes maiores de 16 anos amosa ser un factor que inflúe nunha maior predisposición a padecer incidentes de ciberseguridade, de modo que entre os que si conviven, un 38,3% tiveron algún tipo de problema de seguridade a través de Internet fronte ao 27,9% de persoas que non conviven con estudantes maiores de 16 anos (uns 10,4 puntos de diferenza).

Incidentes de ciberseguridade: tipoloxía de incidentes acontecidos

O spam é incidente de ciberseguridade que máis afectou durante o último ano a todas as persoas, aínda que entre os mozos/ as de 16 a 34 anos a porcentaxe é lixeiramente maior, 2,8 puntos máis que nos de 35 ou máis.

Incidentes de ciberseguridade acontecidos nos últimos doce meses segundo a idade

(% sobre as persoas que sufriron algún tipo de incidente de ciberseguridade nos últimos doce meses)

Incidentes de ciberseguridade	Idade			Total (%)
	Mozos (16 a 34 anos)	Diferenza xeracional	Maiores (35 a 74 anos)	
Spam	84,1	2,8	81,3	82,3
Virus ou software malicioso	20	0	20	20
Perda involuntaria de información (contatos de axenda, fotos, documentos...)	13,8	0,8	13	13,3
Estafas ou intentos de estafa	7	-0,7	7,7	7,5
Roubo de información (contrasinais ou outros)	3,2	0,7	2,5	2,8
Suplantación de identidade	2,1	-0,2	2,3	2,2
Cifrado da información do equipo e solicitude dun rescate ara recuperala (ransomware)	1,6	0,4	1,2	1,4

Incidentes de ciberseguridade: información persoal proporcionada

Os mozos de 16 a 34 anos son máis confiados á hora de subministrar case calquera tipo de información a través de Internet, mostrándose máis cautos cando se trata de información persoal como fotos, conversacións privadas, localizacións...

Información persoal proporcionada nos últimos doce meses segundo a idade

(% sobre as persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses)

Información persoal proporcionada	Idade			Total (%)
	Mozos (16 a 34 anos)	Diferenza xeracional	Maiores (35 a 74 anos)	
Datos persoais (nome, data de nacementos, número de documento de identidade)	76,9	19,8	57,1	62,8
Información de contacto (endereço, número de teléfono, e-mail)	77,4	20,6	56,8	62,7
Detalles de pago (número de tarxeta de crédito ou de conta bancaria)	65,4	19,7	45,7	51,3
Outra información persoal (conversacións privadas, fotos persoais, localización actual, información relativa á saúde, ocupación, ingresos...)	44,8	11,6	33,2	36,5

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Incidentes de ciberseguridade: accións para protexer a información por Internet

A idade é un factor que reflicte nunha maior preocupación pola seguridade en Internet, de feito que máis da metade dos mozos/as de 16 a 34 anos, o 58,7%, fai regularmente copias de seguridade da súa información persoal.

Accións para protexer a información por Internet nos últimos doce meses segundo a idade

(% sobre as persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses)

Accións para protexer a información por Internet	Idade			Total (%)
	Mozos (16 a 34 anos)	Diferenza xeracional	Maiores (35 a 74 anos)	
Fai regularmente copias de seguridade da súa información persoal ou garda esa información persoal na nube	58,7	17,8	40,9	46
Denegar o permiso de uso da información persoal para fins publicitarios	39,2	5,3	33,9	35,4
Limitar o acceso ao seu perfil ou ao contido nas redes sociais	45,1	15,6	29,5	34
Comprobar que o sitio web onde se necesitou proporcionar información persoal era seguro	30,6	5,3	25,3	26,8
Restrinxir o acceso á súa localización xeográfica	31,2	7,5	23,7	25,8
Ler a política de privacidade dos sitios web antes de proporcionar información persoal	24,5	0,6	23,9	24,1
Cambio do contrasinal wifi do seu domicilio	16,9	1,6	15,3	15,8
Pedir aos sitios web ou aos buscadores o acceso á información que posúen sobre vostede para actualizala ou eliminala	7,4	0,8	6,6	6,8
Non levou a cabo ningunha das accións anteriores	38,8	-10,5	49,3	46,3

Incidentes de ciberseguridade: medidas de seguridade no teléfono móbil

O PIN ou patrón de desbloqueo é a medida de seguridade máis empregada en xeral polos mozos e mozas, aínda que a diferenza salientable é que a pega dixital ou outros datos biométricos é usada por un 34%, fronte o 19,3% dos maiores de 35 anos.

Medidas de seguridade no teléfono móbil nos últimos doce meses segundo a idade

(% sobre as persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses)

Medidas de seguridade no teléfono móbil	Idade			Total (%)
	Mozos (16 a 34 anos)	Diferenza xeracional	Maiores (35 a 74 anos)	
PIN ou patrón de desbloqueo	88,8	4,6	84,2	85,5
Pega dixital ou outros datos biométricos	34,0	14,7	19,3	23,5
Copia do código IMEI	6,2	1,9	4,3	4,9
Posibilidade de borrado en remoto dos datos ou localización en caso de perda do dispositivo	10,4	3,5	6,9	7,9
Cifrado dos datos	8,7	3,6	5,1	6,1
Non aplica ningunha das medidas anteriores	5,5	-7,2	12,7	10,7

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Comercio electrónico: compras realizadas a través de Internet

Compras realizadas a través de Internet nos últimos doce meses segundo a idade

(% sobre as persoas que compraron por Internet nos últimos doce meses)


Compras realizadas a través de Internet	Idade			Total (%)
	Mozos (16 a 34 anos)	Diferenza xeracional	Maiores (35 a 74 anos)	
Roupa e complementos	56,2	6,3	49,9	52,3
Viaxes e aloxamento (billetes para medio de transporte, aluguer de coches, hoteis...)	30,1	-5,5	35,6	33,5
Roupa de deporte e material deportivo	35,6	6,3	29,3	31,7
Entradas para espectáculos (cine, museos, concertos...)	30,8	1,6	29,2	29,8
Libros, revistas, periódicos, material educativo...	20,7	-3,4	24,1	22,8
Equipamento electrónico (cámara dixitais, lector de libros electrónicos, tablets...)	21,1	-0,9	22	21,6
Equipamento para o fogar (mobles, enxoval...)	14,7	-8,5	23,2	20
Comida e produtos alimenticios	10,7	-0,9	11,6	11,3
Outros bens de consumo non duradeiros (limpeza, hixiene...)	8,7	-2,5	11,2	10,2
Películas, música	10,2	0,6	9,6	9,8
Xogos de ordenador ou de videoconsolas	8,8	3,5	5,3	6,7
Hardware	5,6	-0,4	6	5,8
Software informático (non inclúe xogos de ordenador)	5	-0,5	5,5	5,3
Contratación de servizos de telecomunicacións	3,8	-1,8	5,6	4,9
Accións, pólizas de seguros e outros servizos financeiros	2,2	-2,8	5	3,9
Lotería, participación en apostas, xogos de azar e xogos online	2,7	-0,7	3,4	3,1

A roupa e complementos a través de Internet, incluída a deportiva, son as compras que máis diferencian aos mozos e mozas dos individuos de 35 anos e máis anos.



Persoas que participaron en plataformas de economía colaborativa nos últimos doce meses segundo a idade

(% sobre persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Sendo bastante baixa a frecuencia, a porcentaxe de mozos e mozas de 16 a 34 anos que reservaron algún produto ou servizo en plataformas de economía colaborativa triplica á dos maiores de 35 anos.

Administración electrónica: procesos realizados a través de Internet


Aínda que as xestións sanitarias a través de Internet figuran como as máis realizadas para os mozos /as a de 16 a 34 anos, a maior diferenza dáse nas xestións universitarias online, con 21,8 puntos de fenda respecto dos maiores de 35 anos.

Procesos realizados coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses segundo a idade

(% sobre as persoas que realizaron trámites coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses)

Procesos realizados coas AAPP a través de Internet	Idade			Total (%)
	Mozos (16 a 34 anos)	Diferenza xeracional	Maiores (35 a 74 anos)	
Xestións sanitarias (pedir citas, solicitar tarxeta, cambios de médico...)	63,7	-13,9	77,6	72,8
Declaración da renda e pago doutros impostos e taxas (IBI, imposto sobre vehículos de tracción mecánica...)	35,5	-22,7	58,2	50,4
Tramitación de documentos persoais (carné de conducir, pasaporte...)	18,3	-0,8	19,1	18,8
Xestións con centros educativos non universitarios (controis de asistencia dos fillos, titorías...)	16,1	3,9	12,2	13,6
Xestións universitarias (matricularse, consultar notas, calendario de exames...)	26,5	21,8	4,7	12,3
Tramitación de beneficios sociais (axudas por fillos, bolsas, prestación de desemprego...)	12,8	3,2	9,6	10,7
Tramitación ante oficinas de emprego (enviar currículo, responder ofertas...)	13,4	4,6	8,8	10,4
Petición e entrega de certificados (incluído Rexistro Civil)	6,7	-2,4	9,1	8,3
Acceso a bibliotecas públicas (consulta de fondos...)	12,5	6,5	6	8,2
Trámites agrogandeiros e forestais (permiso para queimas, movementos de gando, obtención de crotais...)	3,5	-2,2	5,7	5
Xestións vinculadas con actividades de xuventude, albergues...	3,9	1,3	2,6	3

V. CONCLUSIONES



A convivencia con nenos en idade escolar obrigatoria (3 a 16 anos), así como a convivencia con estudantes maiores de 16 anos e o ser un mozo /a de 16 a 34 anos, incrementa o valor de todos os indicadores de uso dixital, dende o uso de equipamentos ata o acceso a Internet ou interacción coas AAPP.

O equipamento electrónico, especialmente Tablet/PDA ou similares, Smart TV ou Consola de xogos é moito maior nos fogares onde residen nenos/as de 3 a 16 anos. Ocorre tamén coa contratación de Internet de banda larga, presente na practica totalidade de fogares onde residen nenos/as de 3 a 16 anos (99%) e onde se convive con estudantes maiores de 16 anos (99,3%).

As compras electrónicas é outro dos indicadores que máis reflexan as diferenzas de uso de Internet entre a mocidade, pois o 73,8% dos mozos e mozas galegas de 16 a 34 anos compraron a través de Internet nos últimos meses, fronte o 38,4% dos de 35 ou máis anos. No caso da convivencia con rapaces/zas en idade escolar, máis da metade de persoas fixeron compras online (58,8%) fronte o 42,3% que non convive con nenos e nenas de 3 a 16 anos.

A roupa é unha das compras online que máis distancia o comportamento entre mozos/as de 16 a 34 e persoas de 35 a 74 anos. Outro dos novos indicadores, o referido ao uso da economía colaborativa, destaca que os xóvenes amosan ter un maior uso tanto de reservas como de ofertas dalgún tipo de produtos ou servizos, moi por riba das persoas de 35 ou máis anos.

Respecto a relacións coas Administracións a través de Internet, novamente os mozos e mozas amosan maior interacción, especialmente no caso da obtención de información a través de Internet.

Entre os trámites máis efectuados pola mocidade, destacan as xestións sanitarias, aínda que a maior diferenza con respecto aos maiores de 35 anos prodúcese nos trámites de xestións universitarias en favor dos mozos e na Declaración da Renda para os maiores.

